

2006

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo



Asociación Amadores da Música

25 xullo

Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo

Concerto da Patria Galega



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

CONCELLARÍA DE CULTURA



Tempo de Gallegada

Praza de Abaixo
21 horas.

Si no abrente d-este día poiderámos voar sobor da nosa terra e percorrela en todas direicións , asistiríamos á maravilla d-unha mañán única. Así de fermosas eran as palabras que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao pronunciaba o día da Patria de 1948, no marco do Teatro Arxentina de Buenos Aires.

Un ano máis, e coa imaxe do ilustre mestre galeguista nas nosas mentes, a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo quer render coa súa música unha homenaxe a Galiza. Non hai bandeiras nin pancartas, tampouco ofrendas florais ou discursos reivindicativos. Tan só sons que evocan á nosa terra. En cada nota de cada obra hai un anaco de país. O mar bate con forza nas penas a cada golpe de batuta. Detrás de cada silencio na música escoitase o ruxir das augas no medio dunha fraga de piñeiros. Coas primeiras notas do Hino Galego repenican as campás de Compostela, a torre do reloxio marca o compás do día da Patria. E mentres isto ocorre na terra, no ceo, ao ritmo dos seus aplausos, danza unha estrela que lentamente percorre os catro puntos cardinais que forman a nai Galiza. Ao seu carón viaxan Prisciliano e Xelmírez, Cunqueiro e Rosalía, Pondal e Alfredo Brañas, Castelao ou Novoneira. Camiñan ao son da música que sae deste curruncho do Cantábrico, ao son da nosa música.

Deste xeito, coa nosa música e a súa presenza, facemos realidade máis unha vez o soño desta nosa terra. Cada 25 de xullo unha procesión de homes e mulleres que amaron a Galiza por riba de todas as cousas percorren o ceo deste *Finis Terrae* buscando a música na honra da patria esquecida, na honra de Galiza.

Suso López, músico da BSMR

P R O G R A M A

INQUIETUDES CULTURALES Rafael Domenech Pardo

EL SEGUNDO VALS Dmitri Shostakovitch

NEGRA SOMBRA Xoan Montes

LA GRANDE EVASION Elmer Bernstein

LONXE DA TERRIÑA Xoan Montes

LONXE DO MAR Hernán Naval

HIMNO GALEGO

Director: Bernardo Méndez Castro
